



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su contestación por escrito relativas al proyecto de mejora de la seguridad vial en la N-120 en Ponteareas**.

El pasado viernes 17 de octubre se publicó en el BOE el anuncio de la Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia, por el que se publica la Resolución por la que se aprueba el expediente de Información Pública y el Proyecto definitivo complementario del trazado de la “Construcción de glorietas y tratamiento de márgenes de la carretera N-120 entre el p.k. 644,900 y 649,950. Término Municipal de Ponteareas”.

El barrio lleva años reclamando la adopción de medidas de seguridad vial en este tramo y la instalación de pasos de peatones y otros elementos para evitar accidentes y riesgos al cruzar de una orilla a otra. Al atravesar distintos centros habitados y urbanos donde adquiere el carácter de cruce, requiere de medidas para su humanización.

En enero de ese año, el BNG preguntó, una vez más, por el estado de los trámites, y recibió respuesta del Gobierno en febrero indicando que el proyecto estaba en fase de redacción por el Ministerio de Transportes y que, una vez aprobado definitivamente el expediente de Información Pública y el proyecto complementario, se iniciaría la tramitación y aprobación del proyecto de construcción. La licitación de las obras depende de este procedimiento, pero el Ministerio también indica que puede verse afectada por el presupuesto y la priorización que se establezca.

Por esta razón, ahora que el proyecto complementario ha sido definitivamente aprobado, es necesario agilizar los trámites para materializar cuanto antes una obra muy necesaria para la seguridad vial y demandada desde hace tiempo por los vecinos de las parroquias de Xinzo, Arnoso y Areas.

Por ello, el BNG exige información sobre el estado actual de la redacción del proyecto definitivo, iniciado hace casi un año, así como sobre las previsiones de cuándo se estima que podría ser aprobado. También exigimos al Gobierno que priorice estas obras y entregue un presupuesto para la licitación y ejecución de las obras.



Por los motivos expuestos, el BNG plantea las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿En qué estado se encuentra la redacción del proyecto? ¿Cuándo considera que estará rematado?
2. ¿Cuál es la estimación de cuándo podrá procederse a la aprobación del proyecto definitivo?
3. ¿Cuándo considera que se realizará la licitación de las obras? ¿Agilizará los trámites al máximo para que la ejecución pueda comenzar lo antes posible?
4. ¿Priorizará el Ministerio la ejecución de las obras de seguridad vial en la N-120 en Pontearreas, dada su importancia y los años de espera y demandas del barrio?
5. ¿Reservará suficiente presupuesto para realizar las obras a la mayor brevedad?
6. ¿Puede el Ministerio de Transportes facilitar una previsión cronológica del resto de actuaciones pendientes tras la aprobación del proyecto complementario y del expediente de información pública?
7. ¿Es consciente de la importancia de ejecutar cuanto antes las obras para garantizar la seguridad vial y la circulación peatonal en este tramo de la N-120 en Pontearreas?

Madrid, a 20 de octubre de 2025

Néstor Rego Candamil
Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

20 OCT. 2025 10:31:43

Entrada **85836**

Sobre a axilización dos trámites e execución das obras na N- 120 en Pontareas

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ao proxecto de mellora da seguranza viaria na N-120 en Pontearreas.**

O pasado venres 17 de outubro o BOE publicaba o anuncio da Demarcación de Estradas do Estado na Galiza polo que se publica a Resolución que aproba o expediente de Información pública e o Proxecto definitivo complementario do trazado da “Construción de glorietas e tratamento das marxes da estrada N-120 entre o punto quilométrico 644,900 y 649,950 no Concello de Pontearreas”.

A veciñanza leva anos reivindicando a adopción de actuacións en materia de seguranza viaria neste tramo e a instalación de pasos peonís e outros elementos para evitar atropelos e riscos á hora de cruzar dunha marxe á outra. Posto que atravesa distintos núcleos habitados e urbanos onde adquire un carácter de travesía require de medidas para a súa humanización.

En xaneiro dese ano o BNG preguntaba, máis unha vez, sobre o estado dos trámites, recibindo resposta do Goberno no mes de febreiro indicando que o proxecto estaba en fase de redacción por parte do Ministerio de Transportes e que, unha vez se aprobe definitivamente o expediente de Información Pública e o proxecto complementario, se iniciará a tramitación e aprobación do proxecto construtivo. Deste trámite depende a licitación das obras, mais o Ministerio tamén indica que pode verse afectado polo orzamento e a priorización que se estableza.

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

20 OCT. 2025 10:31:43

Entrada **85836**



Por tanto, agora que quedou aprobado definitivamente o proxecto complementario, é preciso axilizar os trámites para poder materializar o antes posíbel unha obra moi necesaria para a seguranza viaria e longamente demandada polos veciños e veciñas das parroquias de Xinzo, Arnosos e Areas.

Así pois, o BNG demanda información sobre o actual estado da redacción do proxecto definitivo, xa iniciado hai case un ano, así como sobre as previsións de cando se estima que poida ser aprobado. Ademais reclamamos que o Goberno priorice estas obras e achegue unha estimación para a licitación e execución das obras.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. En que estado se encontra a redacción do proxecto? Cando considera que estará rematado?
2. Cal é a estimación de cando poderá procederse a aprobación do proxecto definitivo?
3. Cando considera que realizará a licitación das obras? Axilizará os trámites ao máximo para asegurar que se poda iniciar a execución o antes posíbel?
4. Priorizará o Ministerio a execución da obra de seguranza viaria na N-120 en Pontearreas atendendo a súa importancia e aos anos de espera e demandas por parte da veciñanza?
5. Reservará orzamento suficiente para poder acometer as obras á maior brevidade?
6. Pode achegar o Ministerio de Transporte unha previsión de calendario para o resto de actuacións pendentes despois da aprobación do proxecto complementario e expediente de información pública?



7. É consciente da importancia de acometer as obras o antes posíbel para garantir a seguranza do tráfico e a circulación peonil neste tramo da N-120 en Pontearreas?

Madrid, a 20 de outubro de 2025

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso